

'IRIBARNE', o espectáculo de ButacaZero sobre a figura de Manuel Fraga, estrearse o 12 de outubro no Centro Dramático Nacional

A obra, escrita por Esther F. Carrodegas e dirixida por Xavier Castiñeira, é unha investigación escénica sobre a figura do político galego coproducida por ButacaZero co CDN e a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, na que a plataforma creativa traballa desde 2022

Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge Arcos e a propia Carrodegas conforman o elenco dunha peza cuxo espazo sonoro e "temazos" musicais serán de Berto e na que Sabela Domínguez asina a coreografía

Diferentes voces do panorama social e político participaron na investigación do espectáculo a través de entrevistas nas que abordaron o papel do político e o seu legado



Galicia, 20 de xuño de 2023.- *IRIBARNE*, a nova creación escénica de Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira, directores da plataforma ButacaZero, xa ten data e lugar de estrea. O Centro Dramático Nacional (CDN) acollerá o **xoves 12 de outubro a a estrea absoluta da peza**, que se manterá no cartel do Teatro María Guerrero até o 12 de novembro, para iniciar en xaneiro de 2024 a súa xira pola xeografía galega e resto de España.

IRIBARNE, unha coprodución de ButacaZero, CDN e MIT de Ribadavia, naceu coma un **proxecto de investigación escénica arredor da vida e do percorrido político de Manuel Fraga Iribarne** coa

intención de entender non só a súa figura, senón descubrir as implicacións que tivo -e segue a ter no noso presente- un dos nomes máis controvertidos e populares da nosa historia recente. "Non é exactamente un biopic, pois non collía nunha soa obra", advirten Carrodegas e Castiñeira, pero si que remata por ser un "paseo pola transición camiñando a carón dun personaxe secundario pero absolutamente imprescindible da mesma. *IRIBARNE* é un intento irreverente por comprender como chegamos ata aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as verdades sen condón", apuntan os creadores.

A investigación comezou en xaneiro de 2022, ano no que se celebrou o centenario do nacemento e os dez anos do pasamento de Fraga Iribarne, a través do contacto con persoas que o trataran , ademais da grabación de entrevistas a diferentes figuras do eido político e social. "Abordar un personaxe tan popular coma Manuel Fraga, que tiña deixado a súa pegada en case todos os eventos e celebracións de Galicia, tiña que facerse coa colaboración de quen albergaba memoria directa sobre el", expoñen os directores da plataforma creativa galega. Así, desde ButacaZero, iniciaron un proceso de recollida de información, que derivou nunha residencia creativa no Pazo de Mariñán (onde Fraga empezou a deseñar a súa retirada política), ademais do seu paso polo itinerario Cruzamentos do proxecto Camiño Escena Norte e por outra residencia creativa na Sala Beckett de Barcelona.

O vindeiro 12 de outubro poderase ver *IRIBARNE*, por vez primeira, sobre as táboas da Sala Francisco Nieva do Teatro Valle Inclán do Centro Dramático Nacional. Será no marco da tempada escénica 2023-2024 da institución, presentada esta mesma mañá. A peza, que permanecerá en cartel até o 12 de novembro no teatro madrileño, contará cun elenco conformado por **Mónica García, Xurxo Cortázar, Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge Arcos** e a propia **Esther F. Carrodegas**. No equipo artístico figuran tamén **Sabela Domínguez** como coreógrafa e axudante de dirección; **Diego Valeiras** -gañador do Premio María Casares 2022 á Mellor Maquillaxe por *Papagena*- coma responsable de vestuario -e da escenografía xunto con Xavier Castiñeira-; Diego Vilar como iluminador e o músico e produtor **Berto** como responsable do espazo sonoro e dos "temazos" musicais que acompañarán a obra.

O single 'WHO THE F*CK IS IRIBARNE?' estrearse o xoves 22 de xuño

*WHO THE F*CK IS IRIBARNE?* é o primeiro dos "temazos" creados polo produtor musical **Berto** (Verto, Fillas de Cassandra, Mondra, Nia twee, Ash Diz e cantante e guitarrista no seu propio grupo, nomeado Berto) que conformarán a banda sonora de *IRIBARNE*. O sinxelo estrearse **nas principais plataformas dixitais ás 00:horas deste mesmo xoves, 22 de xuño.**

Sobre a compañía

ButacaZero é a plataforma creativa posta en marcha por Esther F. Carrodegas e Xavier Castiñeira. Con propostas como *Voaxa e Carmín, #camiños, Despois das ondas, 32m², Papagena* ou *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, o tándem sitúase como referente do teatro

contemporáneo no panorama escénico galego, grazas á súa capacidade á hora de dialogar co mundo actual. A investigación e a reflexión desde unha mirada crítica e irónica son as claves que definen as súas creacións, que se concretan en dramaturxias feitas a medida, nas que a tradición teatral se mestura coas linguaxes contemporáneas.

Esther F. Carrodegua é actriz, directora, *performer* e, sobre todo, escritora. Rianxeira de pura cepa, asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. O seu estilo cabalga sobre as lindes que separan os xéneros. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e Licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben da súa faceta periodística. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados tanto na súa propia plataforma profesional (ButacaZero) coma noutras compañías tanto privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) ou públicas (Centro Dramático Galego, Teatro Español ou Centro Dramático Nacional). Precisamente en 2021 foi escollida para desenvolver unha das residencias dramáticas que outorga o CDN, onde escribiu o texto *Supernormales*, co que foi finalista nos Premios MAX 2023 na categoría de Mellor Autoría e que foi un dos grandes éxitos da pasada tempada teatral tanto para o público como para a crítica.

Xavier Castiñeira é licenciado en Dirección de Escena pola RESAD de Madrid e posúe un Mestrado Universitario en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Tamén ten cursado estudos de Filoloxía Hispánica pola USC. Actualmente cursa o Doutorado na UCM, investigando os procesos neurobiolóxicos nos procesos de recepción escénicos. Desde os seus inicios no mundo do teatro compaxinou o seu labor creativo co docente, impartindo desde 1988 aulas en diversos grupos *amateurs* e en obradoiros regulares de interpretación, dirección ou investigación escénica. No ano 2011 incorpórase ao corpo de profesorado da ESAD de Galicia. Dirixiu unha vintena de obras de teatro, entre elas, case todas as de ButacaZero, pero tamén para compañías como Goliardos, Mairitz, La Escuela de Música Creativa, Outumuro Producións ou De Ste Xeito.

CONTACTO DE PRENSA BUTACAZERO

The Office Comunicación

Luisa Castiñeira - 620 113 155

Lucía Pita - 675 404 321

prensa@theofficeco.es

KIT DE PRENSA 'IRIBARNE'

<https://www.dropbox.com/sh/vgu6ohooefi3hnb/AACk7f9QOOs2R9aEvkbMesOa?dl=0>